

Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia

Última versión

MODIFICACIONES

Decreto 146/2014, do 13 de novembro

- Artigo 3 nova redacción por artigo único apartado un.
- Artigo 9 nova redacción por artigo único apartado dous.
- Artigo 11 nova redacción por artigo único apartado tres.
- Artigo 12 apartado b) nova redacción por artigo único apartado catro.
- Artigo 18 nova redacción por artigo único apartado cinco.
- Artigo 19 nova redacción por artigo único apartado seis.
- Artigo 23 nova redacción por artigo único apartado sete.
- Artigo 28 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado oito.
- Disposición adicional primeira engadida por artigo único apartado once.
- Disposición adicional segunda engadida por artigo único apartado doce.
- Anexo I engadido por artigo único apartado dez.
- Anexo II engadido por artigo único apartado dez.
- Anexo III engadido por artigo único apartado dez.
- Anexo IV engadido por artigo único apartado dez.
- Anexo V engadido por artigo único apartado dez.
- Anexo VI engadido por artigo único apartado dez.
- Disposición derradeira segunda derogada por disposición derogatoria única.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo

- Artigo 5 nova redacción por artigo único apartado un.
- Artigo 8 nova redacción por artigo único apartado dous.
- Artigo 9 nova redacción por artigo único apartado tres.
- Artigo 10 nova redacción por artigo único apartado catro.
- Artigo 11 nova redacción por artigo único apartado cinco.
- Artigo 13 nova redacción por artigo único apartado seis.
- Artigo 14 nova redacción por artigo único apartado sete.
- Artigo 16 bis engadido por artigo único apartado oito.



Artigo 17 nova redacción por artigo único apartado nove.
Artigo 19 nova redacción por artigo único apartado dez.
Artigo 21 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado once.
Artigo 23 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado doce.
Artigo 24 nova redacción por artigo único apartado trece.
Artigo 26 apartado 1 nova redacción por artigo único apartado catorce.
Disposición adicional primeira nova redacción por artigo único apartado quince.
Disposición adicional segunda nova redacción por artigo único apartado dezaseis.
Disposición adicional terceira engadida por artigo único apartado dezasete.
Anexo I nova redacción por artigo único apartado dezaeito.
Anexo II nova redacción por artigo único apartado dezaeito.
Anexo III nova redacción por artigo único apartado dezaeito.
Anexo IV nova redacción por artigo único apartado dezaeito.
Anexo V nova redacción por artigo único apartado dezaeito.
Anexo VI nova redacción por artigo único apartado dezaeito.
Anexo VII engadido por artigo único apartado dezanove.

Segundo o artigo único apartado nove do Decreto 146/2014, do 13 de novembro, polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, as referencias ás «delegacións provinciais» contidas no artigo 2.2 e no primeiro parágrafo do artigo 4 e as alusións á «delegación provincial» contidas nos artigos 4.e), 20 e 25.3 enténdense feitas ás «xefaturas territoriais» e á «xefatura territorial», respectivamente.

A disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, sinala no seu punto 2º que terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

Así mesmo, a disposición derradeira da Lei 10/2007, do 28 de xuño, establece que no prazo dun mes contado desde a publicación da lei no Diario Oficial de Galicia, a Xunta de Galicia aprobará un decreto mediante o cal se creará e regulará a organización e a xestión do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.



En cumprimento do dito mandato, este decreto crea o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia e establece as normas básicas da súa organización e funcionamento.

Por isto, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte de decembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

TÍTULO I CREACIÓN DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Créase o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia que se rexerá por este decreto e demais disposicións de desenvolvemento.
2. A inscrición como parella de feito neste rexistro é voluntaria e ten carácter constitutivo. As parellas que desexen inscribirse terán que cumprir os requisitos previstos no punto 2º da disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

Artigo 2º.-Adscrición.

1. O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia estará adscrito á consellería competente en materia de xustiza.
2. O Rexistro de Parellas de Feito terá un funcionamento descentralizado, configurándose xuridicamente como un rexistro único e xestionándose a través das delegacións provinciais da consellería competente en materia de xustiza na provincia respectiva, a través do persoal funcionario previamente designado para o efecto, baixo a dependencia directa do titular da Dirección Xeral de Xustiza que asumirá as funcións de coordinación, información e aprobación de directrices comúns sobre o procedemento de inscrición e xestión do rexistro.

Artigo 3º.-Dos/as encargados/as do rexistro

Os/as encargados/as do rexistro de cada xefatura territorial serán nomeados/as entre funcionarios e funcionarias da Administración autonómica pertencentes ao subgrupo A1, con grao ou licenciatura en dereito. O seu posto terá o nivel orgánico que se estableza na correspondente relación de postos de traballo.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 3 nova redacción por artigo único apartado un.

Artigo 4º.-Funcións do rexistro.



Correspóndelle ao Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, a través das delegacións provinciais da consellería competente en materia de xustiza na provincia respectiva, as seguintes funcións:

- a) A tramitación e resolución das solicitudes de inscrición e a anotación, así como, de ser o caso, de cancelación e a práctica das que procedan;
- b) A certificación e demais formas de publicidade dos datos que constan no rexistro referidas a solicitudes, inscricións, cancelacións, existencia e contido dos pactos, modificacións destes, acreditacións documentais e calquera outra comprendida no correspondente expediente administrativo;
- c) A emisión de informes de carácter técnico e estatístico cando sexan requiridos por xulgados, tribunais, o Parlamento e outros organismos públicos;
- d) O arquivo e a custodia dos documentos depositados no rexistro en calquera dos soportes utilizados;
- e) Redactar a memoria anual do Rexistro de Parellas de Feito correspondente a cada delegación provincial.

Artigo 5º.-Requisitos para a inscrición no Rexistro de Parellas de Feito.

As inscricións no Rexistro realizaranse tras solicitude dos membros da parella de feito, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Ser maiores de idade.
- b) Non ter relación de parentesco en liña recta por consanguinidade ou adopción nin colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.
- c) Manifestar a vontade de constitución de parella de feito.
- d) Non estar ligados por matrimonio.
- e) Non formar parella de feito debidamente formalizada con outra persoa.
- f) Ter un dos membros da parella a veciñanza civil galega.
- g) Acreditar o empadramento dos membros da parella no mesmo domicilio dalgún municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 5 nova redacción por artigo único apartado un.



Artigo 6º.-Actos inscribíbles.

1. Serán obxecto de inscrición:

- a) As declaracións de constitución, modificación e extinción das parellas de feito.
- b) Os pactos que os membros da parella de feito consideren convenientes para rexer as súas relacións económicas durante a convivencia e para liquidalas tras a súa extinción, sempre que non sexan contrarios ás leis, limitativos da igualdade de dereitos que corresponden a cada convivente ou gravemente prexudiciais para cada un deles.

2. As inscricións e actos rexistrais terán carácter gratuíto.

Artigo 7º.-Dos soportes de información.

Os asentos practícaranse en libros, corpos ou soportes axeitados para recoller e expresar de modo indubidable, con axeitada garantía xurídica, seguridade de conservación e facilidade de acceso e comprensión, todos os datos que deben constar no rexistro. Os soportes informáticos incluírán, sempre que sexa posible, a totalidade do expediente, incluídos os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos exixidos para a inscrición.

Artigo 8º.-Publicidade e cesión de datos

1. A publicidade do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia limitarase á expedición de certificacións dos seus asentos por instancia de calquera das persoas que conforman a parella, de quen acredite un interese lexítimo ou dos órganos xudiciais, nos termos previstos pola lexislación vixente en materia de protección de datos.

2. Os datos consignados no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia relativos ao nome, apelidos, tipo e número de documento de identidade poderán ser compartidos con outras administracións públicas que, no exercicio das súas competencias, contén con outros rexistros análogos de parellas de feito, coa finalidade de evitar a dobre inscrición.

3. Así mesmo, de acordo coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e mais coa Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, os datos do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia poderán ser compartidos co Instituto Galego de Estatística para elaborar as estatísticas recollidas nos plans e programas estatísticos da Comunidade Autónoma.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 8 nova redacción por artigo único apartado dous.

TÍTULO II ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA



CAPÍTULO I DAS SOLICITUDES

SECCIÓN PRIMEIRA DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 9º.-Requisitos das solicitudes, lugar e forma de presentación.

1. As solicitudes de inscrición (PR212A-anexo I), cancelación conxunta (PR212B-anexo III), cancelación individual (PR212E-anexo VI), incorporación ou modificación de pacto (PR212C-anexo IV) e certificación (PR212D-anexo V) que se formulen ante o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia deberán reunir os requisitos previstos especificamente neste capítulo, así como os xerais regulados no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e de sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Nos procedementos de inscrición (PR212A), cancelación conxunta (PR212B) e de solicitude de modificación da inscrición (PR212C) achegarase, xunto cos anexos correspondentes, o anexo VII, que contén a autorización para a presentación das solicitudes e comprobación de datos, así como a sinatura da outra persoa que conforma a parella.

4. Non será necesaria a achega dos documentos exixidos nos procedementos de inscrición da existencia, modificación ou extinción da parella de feito se as persoas que conforman a parella sinalasen os datos destes documentos, o órgano que os elaborou ou ante quen foron presentados con anterioridade. Se os documentos mencionados non puideren ser obtidos pola Administración, serán requiridos aos solicitantes.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 9 nova redacción por artigo único apartado dous.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 9 nova redacción por artigo único apartado tres.



SECCIÓN SEGUNDA DAS SOLICITUDES DE INSCRICIÓN

Artigo 10º.-Lexitimación para solicitar as inscricións.

A solicitude deberá ser efectuada conxuntamente polas dúas persoas que conforman a parella, sen prexuízo do previsto sobre representación no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 10 nova redacción por artigo único apartado catro.

Artigo 11º.-Requisitos comúns das solicitudes de inscrición.

1. As solicitudes de inscrición como parella de feito presentaranse no formulario normalizado e deberán conter os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos de cada unha das persoas que conforman a parella.
- b) Documento nacional de identidade (en diante, DNI), pasaporte ou tarxeta de identidade de estranxeiro de cada unha das persoas que conforman a parella.
- c) Data de nacemento de cada unha das persoas que conforman a parella.
- d) Nacionalidade de cada unha das persoas que conforman a parella.
- e) Estado civil de cada unha das persoas que conforman a parella.
- f) Fillos e fillas comúns.
- g) Residencia da parella.
- h) Lugar e data de presentación da solicitude.

2. A Administración consultará automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder das administracións públicas ou elaborados por elas, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta:

- Datos de identidade das persoas que conforman a parella (DNI/NIE).
- Certificado histórico de municipios dunha das persoas que conforman a parella ou datos de nacemento dunha das persoas que conforman a parella, para comprobar a veciñanza civil galega.



- Certificados de nacemento e/ou de matrimonio para acreditar a emancipación, a nulidade, o divorcio ou a separación legal das persoas conviventes en parella estable que conforman a parella, ou, de ser o caso, sentenza xudicial firme de divorcio ou nulidade.

- Certificado de nacemento dos fillos e fillas comúns.

3. No caso de que as persoas que conforman a parella se opoñan á consulta, deberano indicar no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

4. A documentación presentarase preferentemente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, as persoas que conforman a parella poderán presentar a documentación en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas que conforman a parella que presenten os documentos correspondentes.

6. As persoas que conforman a parella serán responsables da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a persoa encargada do rexistro poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e mais o número de expediente, se se dispón del.

8. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e indicaranse os datos exixidos no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

9. Os documentos públicos estranxeiros deberán ser traducidos e previamente legalizados, salvo no caso de que fosen apostilados pola autoridade competente do país emisor segundo o Convenio da Haia, do 5 de outubro de 1961, ou de que outros convenios eximan do dito requisito.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 11 nova redacción por artigo único apartado tres.



Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 11 nova redacción por artigo único apartado cinco.

Artigo 12º.-Requisitos das solicitudes de cancelación.

As solicitudes de cancelación da inscrición de parella poderán ser conxuntas ou individuais:

- a) As solicitudes conxuntas conterán os datos identificativos de cada un dos membros da parella, o lugar e a data e sinatura de ambos;
- b) As solicitudes individuais deberán ir acompañadas, ademais, do documento que acredite a notificación ao outro membro, por calquera medio que deixe constancia da recepción por aquel ou o seu representante, da vontade de extinguir a parella, ou da declaración responsable do/a solicitante da imposibilidade de realizar esa notificación á outra parte, salvo nos casos previstos no artigo 23.2, alíneas c) e d.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 12 apartado b) nova redacción por artigo único apartado catro.

Artigo 13º.-Requisitos das solicitudes de incorporación ou modificación de pacto.

As solicitudes de incorporación de pacto, cando non se tivesen presentado no momento da inscrición da parella, e as solicitudes de modificación do pacto presentado anteriormente, deberán conter os datos identificativos da parella, o lugar e a data e a sinatura de ambos e deberán acompañarse da escritura pública que conteña o pacto regulador das relacións económicas e patrimoniais.

Xunto coa solicitude de incorporación ou modificación de pacto (PR212C-anexo IV) que se formulen, ante o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, as persoas que conforman a parella achegarán:

- Anexo VII.
- Documentación acreditativa da modificación da inscrición solicitada.

Na tramitación destas solicitudes consultarase automaticamente o DNI ou o NIE, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta.

O disposto nos números 4, 5, 6 e 7 do artigo 11 do decreto será igualmente aplicable neste caso.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.



Artigo engadido: Artigo 13 nova redacción por artigo único apartado seis.

Artigo 14º.-Requisitos das solicitudes de certificación.

As solicitudes de certificación da inscrición, cancelación ou incorporación de pacto deberán conter os datos identificativos da persoa do solicitante e o motivo da certificación. Cando o solicitante sexa unha persoa distinta dalgún dos dous compoñentes da parella inscrita deberá indicar se é persoa con interese lexítimo, cal é o seu interese e acreditalo documentalmente.

Na tramitación destas solicitudes consultarase automaticamente o DNI ou o NIE, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta.

O disposto nos números 4, 5, 6 e 7 do artigo 11 do decreto será igualmente aplicable neste caso.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo engadido: Artigo 14 nova redacción por artigo único apartado sete.

CAPÍTULO II PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DO REXISTRO

Artigo 15º.-Admisión da solicitude.

1. Ao presentarse unha solicitude ante o rexistro farase constar nela a data e a hora da presentación.
2. Ao solicitante ou solicitantes expediráselles un xustificante da presentación, admitíndose como tal unha copia selada da solicitude presentada.
3. A data de entrada no rexistro competente determinará o inicio do cómputo do prazo para resolver, de conformidade co establecido no artigo 19 deste decreto.

Artigo 16º.-Emenda de defectos.

1. Se a solicitude presentada contivese algún defecto emendable, ou se non se achegase algún dos documentos necesarios, o encargado do rexistro requirirá o solicitante para que emende a falta no prazo de 10 días hábiles. Este prazo poderá ser ampliado ata en 5 días máis, de oficio ou por petición do interesado ou interesada, cando a emenda ou a achega de documentos ou datos requiridos presenten dificultades especiais. O encargado ou encargada do rexistro poderá ampliar ata un máximo de tres meses o prazo no caso de persoas estranxeiras que teñan necesidade de solicitar a documentación aos seus países de orixe.



2. No escrito de requirimento poráselle de manifesto ao interesado ou interesada que, de non cubrilo nos seus propios termos, terase por desistida a parella na súa petición, arquivándose esta logo de resolución.

3. O arquivo dunha solicitude non lle impide á mesma parella volver presentar unha nova solicitude máis adiante.

Artigo 16° bis.-Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

As persoas interesadas no procedemento poderán, con posterioridade ao inicio do expediente, realizar trámites na sede electrónica da Xunta de Galicia accedendo á súa carpeta cidadá, sen prexuízo da posibilidade de realizalos en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo engadido: Artigo 16 bis engadido por artigo único apartado oito.

Artigo 17°.-Tramitación da solicitude.

1. Para tramitar este procedemento, as persoas que conforman a parella manifestarán a súa vontade de constituírse en parella de feito mediante a súa comparecencia persoal ante a persoa encargada do Rexistro (anexo II). Con todo, se por enfermidade, dificultade de desprazamento ou por calquera outra circunstancia de análogas características debidamente acreditada resulta imposible ou moi gravosa a súa comparecencia, a persoa encargada do Rexistro poderalles tomar declaración directamente no lugar en que se encontren.

De ser preciso, as persoas que conforman a parella achegarán igualmente:

Anexo VII.

Certificado acreditativo do estado civil, no caso de que algunha das persoas que conforma a parella sexa estranxeira.

Documentación acreditativa da viuvez, se for o caso.

Pacto regulador das relacións económicas e patrimoniais da parella, de existiren.

2. A tramitación das solicitudes presentadas ante o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia rexerase polas determinacións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 17 nova redacción por artigo único apartado nove.



Artigo 18º.-Cualificación.

1. A persoa encargada do rexistro cualificará as solicitudes presentadas, a acreditación dos requisitos exixidos pola lei e a legalidade dos dereitos e obrigas contidos nos pactos que achega a parella solicitante, e efectuará unha proposta de resolución en que acorde practicar ou denegar a inscrición ou, de ser o caso, arquivar a solicitude.

Así mesmo, a persoa encargada do rexistro, para a cualificación das solicitudes presentadas, poderá, en calquera momento, requirir en demanda de aclaración os/as solicitantes co fin de posibilitar a inscrición solicitada.

2. A persoa titular da xefatura territorial poderá realizar de oficio cantas actuacións sexan necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 5 para a inscrición no Rexistro de Parellas de Feito. Para estes efectos poderá pedir a colaboración tanto das entidades do sector público autonómico como dos órganos doutras administracións públicas.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 18 nova redacción por artigo único apartado cinco.

CAPÍTULO III DA RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES E DAS VÍAS DE IMPUGNACIÓN

Artigo 19º.-Resolución, prazo, motivación e notificación.

1. A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de xustiza resolverá de forma expresa, e acordará efectuar ou denegar a inscrición solicitada no prazo de tres meses, contados desde a data en que a solicitude teña entrada no Rexistro, sen prexuízo das interrupcións de prazo previstas nos artigos 22 e 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. A resolución será sempre motivada e notificarase preferentemente por medios electrónicos.

As persoas que conforman a parella poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou se deixen de efectuar por medios electrónicos, mediante os modelos normalizados dispoñibles. As persoas que conforman a parella deberán manifestar expresamente a modalidade de notificación escollida (electrónica ou en papel) no anexo I ou no anexo VII.

No caso de optar pola notificación en papel, realizarase segundo o establecido no artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas que conforman a parella, á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude, avisos da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e, rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 19 nova redacción por artigo único apartado seis.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 19 nova redacción por artigo único apartado dez.

Artigo 20º.-Recurso.

As resolucións ditadas polo titular da delegación provincial da consellería competente en materia de xustiza serán susceptibles de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza.

CAPÍTULO IV DAS INSCRICIÓN S

Artigo 21º.-Forma e contido da inscrición no rexistro.

1. As inscricións axustaranse ao modelo que aprobe a Dirección Xeral de Xustiza da consellería competente en materia de xustiza. Existirá, en todo caso, unha única ficha rexistral por cada parella inscrita que conterá todos os datos relativos á parella con relevancia para os efectos da Lei 2/2006, do 14 de xuño, e deste regulamento. A dita ficha rexistral estará contida en soporte informático, sen prexuízo do resto de soportes empregados para a tramitación de cada expediente.

2. A inscrición expresará:



- a) O lugar e a data de presentación da solicitude.
 - b) O nome completo dos dous compoñentes da parella.
 - c) O DNI, pasaporte ou tarxeta de identidade.
 - d) A data de nacemento de ambos.
 - e) O enderezo de cada un dos membros da parella.
 - f) O domicilio da parella de feito que indiquen.
 - g) O estado civil de cada membro da parella.
 - h) Os fillos e fillas comúns.
 - i) A existencia ou inexistencia de convenio que regule as relacións económicas e patrimoniais e, se é o caso, a data do convenio e unha breve recensión do modelo de convenio.
 - j) A data da resolución que acorda a inscrición da constitución da parella.
 - k) A data de notificación da resolución.
 - l) A data de resolución da cancelación e, se é o caso, con indicación da súa causa.
 - m) A data e o contido da achega dun novo convenio que modifique ou substitúa o anterior.
 - n) E calquera outra mención que afecte o contido da relación de feito con relevancia para os efectos da Lei 2/2006, do 14 de xuño, e deste decreto.
3. Todos os datos e documentos que afecten unha mesma parella quedarán incorporados e relacionados cun único número de expediente.
4. Todas as inscricións e cancelacións conterán a sinatura, autógrafa ou dixital, do titular do órgano competente para acordalas.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 21 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado once.

Artigo 22º.-Eficacia da inscrición.

1. Presumirase a validez, salvo proba en contrario, de todas as informacións contidas na ficha rexistro na forma determinada nos asentos correspondentes.



2. A inscrición ou cancelación producirá efectos desde a data da resolución. No caso de discordancia entre a data da resolución que conste na ficha rexistro e a data que conste na resolución orixinal coa sinatura autógrafa do órgano competente prevalecerá esta última.

3. Inscrito ou anotado no rexistro calquera extremo dos considerados no artigo 21.2º deste regulamento, non poderá inscribirse ou anotarse ningún outro de igual, anterior ou posterior data que se lle opoña ou sexa incompatible, salvo resolución en contra dos xulgados ou tribunais.

Artigo 23º.-Cancelación da inscrición.

1. As inscricións extínguense pola súa cancelación.

2. A cancelación terá lugar:

a) Por pedimento das dúas persoas que conforman a parella (PR212B). A petición deberase facer por escrito, con indicación do lugar e mais da data e coa sinatura das dúas persoas que conforman a parella (anexo III e anexo VII).

b) Por pedimento dunha das persoas que conforma a parella (PR212E). A petición deberá constar por escrito, con indicación do lugar e mais da data e coa sinatura da persoa que solicita a cancelación (anexo VI). A solicitude deberá ir acompañada do documento que acredite suficientemente a notificación á outra persoa da vontade de extinguir a parella.

c) Pola morte ou declaración de falecemento dunha das persoas que conforman a parella; neste suposto a Administración consultará automaticamente os datos incluídos na certificación de defunción en poder das administracións públicas ou elaborada por elas, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta, caso en que deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario (anexo VI) e achegar o certificado de defunción ou a declaración xudicial de falecemento.

d) Polo matrimonio entre as persoas que conforman a parella. A Administración consultará automaticamente os datos incluídos na certificación de matrimonio en poder das administracións públicas ou elaborada por elas, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta, caso en que deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario (anexo III) e achegar o correspondente certificado do Rexistro Civil. A data de extinción da parella que constará neste caso no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia será a do día inmediatamente anterior á do matrimonio contida na certificación matrimonial.

e) Polo matrimonio de calquera das persoas que conforman a parella; neste suposto, a persoa que contraía matrimonio deberá instar a cancelación da súa inscrición como parella de feito (anexo VI), acreditando a comunicación fidedigna á outra persoa que conforma a parella. A Administración consultará automaticamente os datos incluídos na certificación de matrimonio en poder das administracións públicas ou elaborada por elas, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta, caso en que deberán indicalo no



recadro correspondente habilitado no formulario (anexo VI) e achegar o correspondente certificado do Rexistro Civil. A data de extinción da parella que constará neste caso no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia será a do día inmediatamente anterior á data do matrimonio contida na certificación matrimonial.

f) En todos os supostos, a Administración consultará automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder das administracións públicas ou elaborados por elas, agás que as persoas que conforman a parella se opoñan á súa consulta:

- Datos de identidade das persoas que conforman a parella (DNI, NIE, pasaporte ou tarxeta de identidade).
- Certificado de matrimonio das persoas que conforman a parella.

g) O disposto nas letras 4, 5, 6, 7 e 8 do artigo 11 do decreto será igualmente aplicable ás letras c), d), e) e f) deste artigo.

3. A cancelación das inscricións será acordada mediante resolución da persoa titular da xefatura territorial.

Nos supostos previstos nas alíneas b) e e) do número 2 do presente artigo, darase audiencia previa, por un período de quince días, ao membro da parella ao cal non se lle puidese notificar a vontade de extinguíla por parte do solicitante da cancelación.

Así mesmo, nos supostos previstos nas alíneas f) e g) do número 2 do presente artigo, darase audiencia previa, por un período de quince días, a ambos os dous membros da parella.

4. Naqueles casos en que se atope plenamente xustificado o falecemento dun dos dous integrantes da parella de feito ou o matrimonio dun ou de ambos os dous, poderá practicarse a cancelación da inscrición de oficio ou por instancia de parte interesada precedendo trámite de audiencia.

5. A data da cancelación por extinción da parella de feito será a que determine o momento en que se dissolve o réxime económico patrimonial pactado pola parella.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 23 nova redacción por artigo único apartado sete.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 23 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado doce.

Artigo 24º.-Corrección de erros.



O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia poderá rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia das persoas interesadas, os erros materiais existentes nos seus actos, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 24 nova redacción por artigo único apartado trece.

CAPÍTULO V DA PUBLICIDADE REXISTRAL

Artigo 25º.-Publicidade do rexistro.

1. O rexistro expedirá certificacións da inscrición ou de calquera outro extremo dos contidos no rexistro por instancia dos membros da parella de feito, de quen acredite un interese lexítimo e dos xulgados e tribunais de xustiza.
2. A solicitude de certificación deberá precisar o obxecto desta así como o motivo polo que se solicita a certificación.
3. As certificacións serán expedidas e asinadas pola persoa encargada do Rexistro de Parellas de Feito na correspondente delegación provincial e terán validez durante o prazo de tres meses desde a data da súa expedición.
4. As resolucións que acorden a inscrición da parella terán validez para os efectos de acreditar a vixencia da inscrición durante dous meses contados a partir da data da resolución; transcorrido ese prazo perderán os seus efectos acreditativos.
5. As certificacións referidas aos pactos poderán indicar a existencia ou a ausencia de pacto, a data do último pacto validamente incorporado, e a indicación do tipo de réxime económico patrimonial a que se tivese acollido a parella. Cando a solicitude versase sobre algún dos extremos ou estipulacións contidas no pacto, a certificación limitarase a transcribir aquela parte do contido do pacto que sexa suficiente para lle dar cumprimento á solicitude presentada. Se se solicitase o contido completo do pacto, transcribirase integramente con indicación do lugar e da data da sinatura do pacto.

Artigo 26º.-Publicidade dos expedientes.

1. O acceso á información contida no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia só poderá ser efectuado, ademais de polas persoas que conforman a parella, por terceiras persoas que acrediten a existencia dun interese lexítimo e polos órganos xudiciais.
2. A expedición de certificacións e a consulta de documentos contidos nos expedientes quedará limitada a aquelas persoas que acrediten un interese lexítimo.



3. Todos os datos que constan no Rexistro de Parellas de Feito están suxeitos á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Artigo 26 apartado 1 nova redacción por artigo único apartado catorce.

CAPÍTULO VI DA COORDINACIÓN CON OUTROS REXISTROS

Artigo 27º.-Rexistros municipais.

1. As inscricións de parellas de feito practicadas nos rexistros municipais de parellas ou unións de feito naqueles concellos que contasen cun rexistro deste tipo terán acceso ao Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos pola disposición adicional 3ª da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia e o artigo 5 deste regulamento.

2. Os rexistros municipais deberán comunicarlle ao Rexistro de Parellas de Feito de Galicia as inscricións practicadas, con indicación dos pactos subscritos polos membros da parella, así como as cancelacións das inscricións practicadas ou as modificacións que afecten o domicilio da parella ou os pactos.

3. A remisión feita polos concellos deberá contar co consentimento previo e expreso de ambos os integrantes da parella.

4. Os concellos deberán remitir unha copia daquela parte do expediente que resulte necesaria e suficiente para proceder á inscrición da parella, con inclusión do consentimento expreso ou manifestación do encargado ou encargada do rexistro municipal de que ambos os membros da parella consentiron ante o dito rexistro municipal.

5. Cando o Rexistro de Parellas de Feito observe, á vista do expediente municipal, que non está acreditado o cumprimento de todos os requisitos legais ou falta algunha mención das contidas neste regulamento notificarallo á parella para que no prazo propio da fase de emenda de defectos complete a acreditación pendente.

6. Nas resolucións que acorden o que proceda nos procedementos administrativos iniciados tras a remisión do expediente por parte dos rexistros municipais farase constar esta circunstancia.

7. En todo caso, a constitución da parella de feito só se entenderá efectuada a partir da súa inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Artigo 28º.-Rexistros autonómicos.



1. O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia coordinarase con outros de similar natureza doutras comunidades autónomas a través dos correspondentes convenios.
2. Unha vez producida a coordinación entre os rexistros autonómicos, a declaración xurada exixida no artigo 11.2 desde decreto relativa á declaración responsable de ambos os dous de non ter constituída parella de feito con outra persoa substituirase pola certificación negativa de cada un deles, pedida polo propio Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
3. Os convenios que se subscriban para tal fin con outras comunidades autónomas incluírán, sempre que sexa posible, a interconexión telemática das correspondentes bases de datos, sen prexuízo das necesarias autorizacións administrativas e a necesaria protección de datos de carácter persoal, que quedará debidamente salvagardada nos propios convenios.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo modificado: Artigo 28 apartado 2 nova redacción por artigo único apartado oito.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Formularios dos procedementos administrativos

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado nesta disposición poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia».

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo engadido: Disposición adicional primeira engadida por artigo único apartado once.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

Artigo modificado: Disposición adicional primeira nova redacción por artigo único apartado quince.

Disposición adicional segunda. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos nos procedementos regulados no presente decreto, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas que conforman a



parella interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun aplicativo informático denominado «Rexistro de Parellas de Feito de Galicia», cuxo obxecto é tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas acheguen nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa para facilitar o acceso á información, tanto persoal coma de carácter administrativo. O órgano responsable deste ficheiro é a Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Decreto 146/2014, do 13 de novembro.

Artigo engadido: Disposición adicional segunda engadida por artigo único apartado doce.

Decreto 17/2025, do 10 de marzo.

